

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE E POLÍTICA SOCIAL

**11157** *Real decreto 830/2010, do 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas.*

A preocupación das institucións da UE por manter un elevado nivel de protección da saúde das persoas, animais e ambiente, manifestouse en diferentes campos, entre eles a regulación dos biocidas, que se iniciou en Europa coa Directiva 98/8/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de febreiro de 1998, relativa á comercialización de biocidas, que foi trasposta ao noso ordenamento xurídico a través do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.

En España, a regulación destes produtos iniciárase coa promulgación do Real decreto 3349/1983, do 30 de novembro, que aprobou a Regulamentación técnico sanitaria para a fabricación, comercialización e utilización de praguicidas, e que non só exixía a avaliación e o rexistro dos produtos, senón que establecía tamén a obrigatoriedade de superación de cursos ou probas de capacitación, para as persoas dedicadas a realizar tratamentos con praguicidas, especialmente no caso dos moi tóxicos, e tóxicos para os de uso ambiental.

En desenvolvemento do anterior, a Orde do Ministerio da Presidencia do 8 de marzo de 1994 estableceu a normativa reguladora da homologación dos cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, definindo os coñecementos requiridos para a obtención do carné nos seus distintos niveis, e outorgando unha validez de 10 anos a eses carnés. O contido desta orde alcanzaba só parcialmente os produtos regulados actualmente a través do Real decreto 1054/2002 anteriormente mencionado, que incorpora 23 tipos de produto diferentes. Ademais, a adaptación a esta normativa obriga a incorporar a formación dos biocidas que son ou xeran gases, así como os produtos moi tóxicos, de acordo coa nova realidade.

Por outra parte, non se pode obviar no trasfondo desta norma a Directiva 2009/128/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, pola que se establece o marco comunitario para conseguir un uso sustentable dos praguicidas. Nesta directiva europea sostense que é fundamental que os Estados membros creen sistemas de formación tanto inicial como complementaria dos distribuidores, asesores e usuarios profesionais dos praguicidas, co fin de que quen utilice ou vaia utilizar praguicidas sexa plenamente consciente dos posibles riscos para a saúde humana e o ambiente, e das medidas apropiadas para reducilos na medida do posible. Non obstante, os biocidas están excluídos do ámbito de aplicación da Directiva 2009/128/CE, que só se aplica polo de agora a produtos fitosanitarios aínda que, como está previsto nela estender o seu ámbito ou aprobar unha directiva paralela, se revisarán os programas de formación nun futuro próximo cando se aprobe a nova norma comunitaria, de ser o caso.

Por outra banda, a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior, impón determinadas limitacións aos procedementos administrativos reguladores das autorizacións outorgadas pola Administración, promovendo a simplificación de tales procedementos.

En canto ao sistema adoptado para cubrir a exigencia formativa, a existencia de novas ferramentas neste ámbito obriga a reformular o enfoque anterior, que se levaba a cabo a través da homologación de cursos. Neste sentido, representa un enfoque máis adecuado para cubrir as necesidades formativas do sector a acreditación das cualificacións profesionais a través do recoñecemento dos títulos de formación profesional e certificados de profesionalidade, segundo se recolle na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Os produtos de protección da madeira, incorporados ao ámbito de aplicación da lexislación de biocidas, inclúense tamén no ámbito deste real decreto, aínda que neste caso cómpre o establecemento dun temario específico, mentres se desenvolve unha cualificación profesional específica.

Cómpre regular a formación para os manipuladores de produtos biocidas de acordo cos avances científicos e técnicos e adaptala, deste modo, ao sistema actualmente vixente sobre formación profesional

Resulta xustificado regular os aspectos básicos mediante regulamento debido ao carácter marcadamente técnico e á natureza cambiante da materia, en función dos mencionados avances científicos e técnicos. Procede, por tanto, facelo mediante a promulgación deste real decreto.

De conformidade co artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 29 de abril, xeral de sanidade, compete á Administración do Estado promulgar este real decreto, que se dita en desenvolvemento do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.

No proceso de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, e oídos os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Política Social, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xuño de 2010,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto desta disposición é a protección da saúde mediante o establecemento de criterios que permitan garantir uns niveis mínimos de capacitación ás persoas que desenvolvan actividades laborais relacionadas coa aplicación de produtos biocidas dos grupos e tipos sinalados a continuación:

a) Grupo principal 1: desinfectantes e biocidas xerais.

1.º Tipo de produto 2 (TP2): desinfectantes utilizados nos ámbitos da vida privada e da saúde pública e outros biocidas: produtos empregados para a desinfección do aire, superficies, materiais, equipamentos e mobles que non se utilicen en contacto directo con alimentos ou pensos en zonas da esfera privada, pública e industrial, incluídos os hospitais, así como os produtos empregados como alguicidas.

Exceptúanse os biocidas utilizados na desinfección de hospitais, que serán incluídos cando as súas substancias activas se incorporen aos anexos I e IA do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, e sexa necesaria unha regulación da capacitación exixible para aplicalos.

2.º Tipo de produto 3 (TP3): biocidas para a hixiene veterinaria: os produtos deste grupo son os biocidas empregados con fins de hixiene veterinaria, incluídos os produtos empregados nas zonas en que se aloxan, manteñen ou transportan animais.

3.º Tipo de produto 4 (TP4): desinfectantes para as superficies que estean en contacto con alimentos e pensos: produtos empregados na desinfección de equipamentos, recipientes, utensilios para consumo, superficies ou tubaxes relacionados coa produción, transporte, almacenamento ou consumo de alimentos, pensos ou bebidas (incluída a auga potable) para seres humanos ou animais.

b) Grupo principal 2: conservantes.

1.º Tipo de produto 8 (TP8): protectores para madeiras: produtos empregados para a protección da madeira, desde a fase do serradoiro inclusive, ou os produtos derivados da madeira, mediante o control dos organismos que destrúen ou alteran a madeira.

2.º Tipo de produto 11(TP11): protectores para líquidos utilizados en sistemas de refrixeración e en procesos industriais: produtos empregados para a conservación da auga ou outros líquidos utilizados en sistemas de refrixeración e de elaboración industrial mediante o control dos organismos nocivos, como microbios, algas e moluscos.

Exceptúanse os produtos biocidas non recollidos no ámbito de aplicación do Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexielose. Estes serán incluídos a medida que as súas substancias activas se incorporen aos anexos I e IA do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, e sexa necesaria unha regulación da capacitación exixible para aplicalos.

c) Grupo principal 3: praguicidas.

1.º Tipo de produto 14 (TP14): rodenticidas: produtos empregados para o control dos ratos, ratas ou outros roedores.

2.º Tipo de produto 18 (TP18): insecticidas, acaricidas e produtos para controlar outros artrópodos: produtos empregados para o control dos artrópodos (insectos, arácnidos, crustáceos, etc.).

3.º Tipo de produto 19 (TP19): repelentes e atraentes: produtos empregados para o control dos organismos nocivos (invertebrados como as pulgas; vertebrados como as aves) mediante repulsión ou atracción, incluídos os empregados, directa ou indirectamente, para a hixiene humana ou veterinaria.

2. É obxecto do ámbito deste real decreto a aplicación dos produtos autorizados para o seu uso por persoal especializado. Non é o seu obxecto a aplicación dos produtos autorizados para o seu uso polo público en xeral nin os produtos autorizados para o seu uso por persoal profesional.

## Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto enténdese por:

a) Aplicador de tratamento biocida: persoa que leva a cabo a aplicación de produtos biocidas.

b) Responsable técnico: persoa responsable do diagnóstico de situación, da planificación, realización e avaliación dos tratamentos, así como de supervisar os seus posibles riscos e definir as medidas necesarias que se deben adoptar de protección persoal e do medio. Así mesmo, será responsable de definir as condicións en que se deberá realizar a aplicación e de asinar o certificado do servizo realizado.

c) Biocidas que son ou xeran gases: produtos biocidas segundo se definen no Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, que están constituídos por gases comprimidos ou licuados, ou ben sólidos ou líquidos que no momento da aplicación se transforman en produtos gasosos. Exclúense desta definición os líquidos volátiles.

d) Biocidas de uso polo público en xeral: produtos autorizados para este uso na resolución de inscrición no Rexistro Oficial de Biocidas, para a súa aplicación en ámbitos domésticos.

e) Biocidas de uso por persoal especializado: produtos autorizados para este uso na resolución de inscrición no Rexistro Oficial de Biocidas.

f) Biocidas de uso por persoal profesional: produtos autorizados para este uso na resolución de inscrición no Rexistro Oficial de Biocidas, para o seu uso no ámbito laboral. O persoal que aplica estes produtos ten algúns coñecementos e habilidades no manexo dos produtos químicos e é capaz de utilizar correctamente os equipamentos de protección individual (EPI) en caso necesario.

g) Actividades laborais relacionadas coa aplicación de produtos biocidas: refírese á aplicación de biocidas, así como á realización de diagnósticos de situación, planificación e avaliación de riscos, supervisión de tratamentos e definición de medidas que hai que adoptar, e aseguramento do cumprimento das obrigas de carácter técnico dos tratamentos con biocidas.

### Artigo 3. *Capacitación.*

1. Estarán capacitadas para realizar actividades laborais relacionadas coa aplicación de biocidas aquelas persoas que acrediten ter superado unha formación nese ámbito, segundo se establece no artigo 4.

2. Para os produtos para o tratamento de madeiras (TP8), a formación de referencia para a capacitación será a establecida no anexo I deste real decreto. Para este tipo de produto distínguense os seguintes niveis de formación:

a) Formación para aplicadores: dirixido ao persoal que leva a cabo os tratamentos en que se utilicen biocidas que non estean clasificados como moi tóxicos, nin sexan ou xeren gases.

b) Formación para responsables técnicos: o persoal que cumpre esta función, naqueles tratamentos de madeira en que se aplican biocidas, deberá posuír a formación establecida no artigo 5.1.

3. Aqueles que superasen previamente as probas dos niveis de formación para aplicadores para o uso dos biocidas TP8 (anexo I) poderán seguir os programas que se especifican no anexo II deste real decreto para adquirir os niveis especiais referidos nel.

Este tipo de niveis especiais diríxese ao persoal que participa na aplicación de cada un dos biocidas que sexan ou xeren gases, tendo en conta a súa modalidade de aplicación ou ben que, non sendo nin xerando gases, estean clasificados como moi tóxicos.

No contido desta formación deberase ter en conta a lexislación vixente sobre riscos laborais.

### Artigo 4. *Acreditación da capacitación.*

1. A capacitación para a aplicación de biocidas ou para realizar diagnósticos de situación, planificar e avaliar riscos, supervisar tratamentos e definir medidas para adoptar, e asegurar o cumprimento das obrigas de carácter técnico dos tratamentos cos distintos tipos de biocidas, poderase acreditar da seguinte forma:

a) Para os TP 2, 3, 4, 11, 14, 18 e 19:

1.º Pola posesión dun título de formación profesional, curso de especialización de formación profesional previsto no Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, ou dun certificado de profesionalidade que acrediten as unidades de competencia correspondentes á cualificación profesional de servizos para o control de pragas (nivel 2), incluída no Catálogo nacional de cualificacións profesionais a través do Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro, polo que se establecen determinadas cualificacións profesionais que se inclúen no Catálogo nacional de cualificacións profesionais, así como os seus correspondentes módulos formativos que se incorporan ao Catálogo modular de formación profesional, anexo XXVIII, cando se trate de persoal que aplica biocidas dos tipos 2, 3, 4, 14, 18 e 19 (salvo os TP2 utilizados no control de lexiónela (clave 100 do Rexistro Oficial de Biocidas).

2.º Pola posesión dun título de formación profesional, curso de especialización de formación profesional a que se refire o punto anterior, ou dun certificado de profesionalidade que acrediten as unidades de competencia correspondentes á cualificación profesional de xestión de servizos para o control de organismos nocivos (nivel 3) incluída no Catálogo nacional de cualificacións profesionais a través do Real decreto 814/2007, do 22 de xuño, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, mediante o establecemento de dúas cualificacións profesionais correspondentes á familia profesional de seguridade e ambiente, cando se trate de persoal que realiza diagnósticos de situación, planifica e avalía tratamentos, supervisa riscos e define medidas para adoptar, e asegura o cumprimento das obrigas de carácter técnico dos tratamentos con biocidas dos tipos 2, 3, 4, 11, 14, 18 e 19.

Na obtención do certificado de profesionalidade referido nos puntos 1º e 2º observarase o disposto polo artigo 8.1 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, sobre vías para a obtención dos certificados de profesionalidade, e polo Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.

b) Para os TP8:

Pola posesión de un certificado de aproveitamento emitido por unha entidade que dedique a súa actividade á impartición da formación referida no anexo I, de conformidade co establecido no artigo 7.

2. Os certificados de aproveitamento, os certificados de profesionalidade ou os títulos que acrediten a capacitación pertinente poderán ser exixidos polas autoridades competentes ou polos seus axentes a quen realice actividades das referidas no artigo 1.

3. Así mesmo, para cada un dos tipos de produtos servirá como acreditación da capacitación o título ou títulos de formación profesional que inclúan na súa formación o manexo e a aplicación destes produtos, sempre que esta última teña unha duración igual ou superior á formación asociada prevista no punto 1.a) e para os TP 8 á establecida nos anexos I e II deste real decreto.

*Artigo 5. Responsable técnico de servizos biocidas.*

1. Os servizos biocidas que realicen tratamentos a terceiros, con carácter corporativo ou en instalacións fixas, deberán designar un responsable técnico. A capacitación para exercer a responsabilidade técnica neste caso considerarase acreditada coa posesión do certificado de profesionalidade, títulos de formación profesional ou curso de especialización de formación profesional a que se refire o artigo 4, punto 1.a), que acrediten as unidades de competencia correspondentes á cualificación profesional de xestión de servizos para o control de organismos nocivos (nivel 3), para as empresas dedicadas a tratamentos con biocidas dos tipos 2, 3, 4, 11, 14, 18 e 19, ou ben co nivel de formación de responsables do anexo I, máis os niveis especiais do anexo II, sendo ambos obrigatorios, para biocidas do TP 8.

2. Considérase igualmente que están capacitados para exercer a responsabilidade técnica de servizos biocidas dos tipos 2, 3, 4, 11, 14, 18 e 19, aqueles que se encontren en posesión das seguintes titulacións:

a) Título universitario que acredite a obtención de competencias e coñecementos adecuados para a xestión dos procesos de control de organismos nocivos, relacionados coa sanidade ambiental ou a enxeñaría sanitaria, rama da enxeñaría dedicada basicamente ao saneamento dos ámbitos en que se desenvolve a actividade humana.

b) Título de formación profesional de grao superior específico en saúde ambiental.

3. O responsable técnico de servizos biocidas deberá asumir as seguintes funcións:

a) Asumir a responsabilidade da realización do diagnóstico de situación antes de iniciar calquera tratamento químico, xustificándoo en caso de que non proceda tal diagnóstico.

b) Responsabilizarse da planificación e avaliación dos tratamentos.

c) Supervisar a xestión dos riscos e definir as medidas necesarias que se deberán adoptar de protección persoal, da saúde pública e do medio. Será o responsable da comunicación dos riscos inherentes ao servizo.

d) Asumir a responsabilidade do cumprimento das obrigas de carácter técnico que figuran na resolución de inscrición no Rexistro Oficial de Biocidas dos produtos que se apliquen.

e) Servir de interlocutor coas autoridades competentes nos asuntos de carácter técnico, sen prexuízo da representación legal da empresa ou da súa delegación noutro responsable técnico, se procede.

f) Responsabilizarse de que os traballadores que obtivesen o certificado de profesionalidade reciban a formación referida no artigo 6, sen prexuízo da responsabilidade do titular da empresa de servizos de proporcionar os recursos necesarios para iso.

Nas súas actuacións, o responsable técnico do servizo biocida terá en consideración as estratexias do control integrado de pragas e seguirá os principios de boas prácticas nos plans de desinfección, desinsectación e desratización descritos na norma UNE 171210.

#### Artigo 6. *Formación continua.*

1. Os titulares das empresas de servizos biocidas a terceiros, con carácter corporativo ou en instalacións fixas, están obrigados a manter programas de formación continua dirixidos a todos os traballadores que leven a cabo actividades laborais relacionadas coa aplicación de produtos biocidas, con periodicidade quinquenal e duración de polo menos 20 horas, nos cales se impartirán materias relacionadas cos avances científico-técnicos, de seguridade laboral ou con outros aspectos da actividade que poidan repercutir directa ou indirectamente na saúde pública.

2. A empresa manterá un rexistro documental das accións formativas en que figuren os seguintes datos:

- a) Nome dos traballadores e número de identificación fiscal.
- b) Data do curso.
- c) Duración.
- d) Contidos e xustificación destes.
- e) Persoal docente: nome e titulación.
- f) Centro de formación, se procede.

Os rexistros documentais destas accións formativas manteranse á disposición das autoridades competentes, durante a permanencia do traballador na empresa.

#### Artigo 7. *Notificación de actividades de formación.*

1. As entidades que dediquen a súa actividade a impartir a formación recollida nos anexos deste real decreto deberanllo notificar ao órgano competente autonómico, con anterioridade á realización do curso.

Estes cursos poderán ser organizados por universidades, centros docentes, centros de formación das asociacións do sector ou por servizos oficiais e outras entidades con servizos de formación. Estas entidades quedarán sometidas ás normas de vixilancia e inspección que estableza ao respecto cada comunidade autónoma ou as cidades de Ceuta e Melilla.

2. As notificacións referidas no punto primeiro deberanse dirixir ao órgano competente da comunidade ou cidade autónoma que corresponda, e irán acompañadas, polo menos, pola seguinte documentación:

- a) Centro docente (nome, titularidade, etc.).
- b) Razón social.
- c) Número de horas do curso, tanto teóricas como prácticas.
- d) Número de alumnos.
- e) Director ou coordinador do curso.
- f) Relación de profesorado coa súa respectiva titulación e experiencia.
- g) Contido do programa docente con indicación expresa da materia que se vai impartir e do material que se lles vai entregar aos alumnos.
- h) Lugar e materiais dispoñibles para a realización das prácticas.

As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla poderán, con obxecto de comprobar o cumprimento dos requisitos, solicitar información complementaria referida á metodoloxía e aos obxectivos docentes.



3. O profesorado encargado da impartición das materias recollidas nos anexos deberá contar polo menos coa formación exixida no artigo 5 para os responsables técnicos dos servizos biocidas para TP8 cando se trate do anexo I, ou da formación exixida para outros tipos de produto cando se trate do anexo II.

4. As comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla manterán nas súas respectivas páxinas web información actualizada sobre as entidades que emiten certificados de aproveitamento e a súa situación administrativa.

#### Artigo 8. *Certificados de aproveitamento.*

As entidades que impartan cursos de formación para o tratamento de madeira (TP8) ou para realizar tratamentos con produtos moi tóxicos ou gases, de acordo co disposto nos anexos I e II respectivamente, expedirán, tras a realización das probas de avaliación correspondentes, un certificado de aproveitamento para cada un dos alumnos inscritos que superasen esas probas, incluíndo ao menos, a seguinte información:

- a) Nome e dous apelidos.
- b) Número de identificación fiscal.
- c) Centro docente.
- d) Título do curso.
- e) Promotor do curso.
- f) Número de horas teóricas e prácticas.
- g) Data de expedición.
- h) Sinatura do coordinador do curso ou titular do centro docente.
- i) Selo da entidade promotora do curso.
- j) Alcance do certificado.

Os certificados de aproveitamento dos cursos expedidos en calquera comunidade autónoma ou nas cidades de Ceuta e Melilla terán validez en todo o Estado.

#### Artigo 9. *Control pola Administración.*

1. Corresponde ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla, a través dos seus órganos competentes, o control das entidades que realicen estes cursos, dos seus contidos, do profesorado e da expedición dos certificados de aproveitamento, así como de calquera outra circunstancia que permita a comprobación do cumprimento das condicións declaradas na notificación.

2. Os órganos competentes poderán adoptar as medidas sancionadoras pertinentes conforme o capítulo VI da Lei xeral de sanidade e a lexislación autonómica vixente de aplicación en materia sanitaria, sen prexuízo das responsabilidades civís e penais a que puiden dar lugar a suposta infracción.

Disposición adicional primeira. *Inclusión progresiva de determinados tipos de produtos no novo sistema.*

O resto dos grupos e tipos de biocidas non mencionados neste real decreto, e para os cales se faga necesaria unha regulación, iranse incluíndo no seu ámbito de aplicación, a medida que as substancias activas correspondentes se vaian incorporando aos anexos I e IA do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.

Disposición adicional segunda. *Traballadores e empresas procedentes doutros países da Unión Europea.*

1. As empresas de formación con sede social fóra de España e en territorio da Unión Europea poderán impartir libremente no noso país a formación referida no artigo 7, sempre que notifiquen tal circunstancia á autoridade competente autonómica.

2. As empresas legalmente establecidas noutros países da Unión Europea poderán desenvolver as actividades de manipulación e aplicación de produtos biocidas regulados no real decreto sempre que acrediten, mediante notificación á autoridade competente, que os traballadores designados para estas actividades dispoñen da formación necesaria para iso no seu país de orixe. Para estes efectos aplicarase o sistema de recoñecemento de cualificacións.

3. No caso de desprazamento de traballadores estranxeiros non comunitarios, deberase cumprir o previsto na Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional e nas súas normas de desenvolvemento.

Disposición adicional terceira. *Habilitación ao desenvolvemento normativo.*

Habílitase a ministra de Sanidade e Política Social para o desenvolvemento deste real decreto, mediante orde ministerial, no referido á existencia de capacitación conforme se vaian incluíndo substancias activas nos anexos I e IA do Real decreto 1054/2002.

Disposición transitoria primeira. *Validez dos carnés actuais.*

1. No ámbito dos biocidas dos tipos 2, 3, 4, 14, 18 e 19, concédese un prazo de seis anos durante os cales se prorrogará a validez dos carnés, niveis básico e cualificado ata o momento homologados para uso ambiental e na industria alimentaria, contado desde o día seguinte ao da publicación deste real decreto.

2. Para continuar exercendo a súa actividade unha vez rematado este período transitorio, os traballadores que actualmente contan cos carnés básico ou cualificado de control de pragas deberán cumprir coas condicións que estableza a lexislación que, en desenvolvemento do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, promulgue o Ministerio de Traballo e Inmigración, relativa á obtención dos certificados de profesionalidade correspondentes ás cualificacións profesionais de nivel 2 (servizos para o control de pragas), e nivel 3 (xestión de servizos para o control de organismos nocivos). En todo caso, deberán ter realizado os cursos correspondentes aos niveis especiais para a aplicación de biocidas clasificados como moi tóxicos, e biocidas que sexan ou xeren gases, cuxos programas aparecen no anexo II deste real decreto.

3. Durante este período transitorio facúltanse as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla para adoptar as disposicións que consideren oportunas para paliar os eventuais problemas que puider ocasionar no mercado de traballo a carencia dos profesionais que son obxecto de regulación neste real decreto, mediante algunha das seguintes medidas de carácter excepcional:

- a) Prorrogar a validez, por un período de tempo determinado, dos actuais carnés alén do remate do período transitorio.
- b) Autorizar novas edicións de cursos.

Disposición transitoria segunda. *Obriga de dispor de responsable técnico.*

Para o cumprimento do requisito establecido no artigo 5, relativo á obriga de dispor de responsable técnico, concédese un período transitorio de tres anos para aquelas comunidades autónomas onde este aspecto non estea regulado.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 8 de marzo de 1994 pola que se establece a normativa reguladora da homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, en todo aquilo que se opoña ao establecido neste real decreto.



Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.*

O artigo 29 queda redactado como segue:

«Sen prexuízo do disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e nas súas normas de desenvolvemento, a acreditación da formación do persoal dos servizos biocidas será a que se establece no Real decreto .../2010, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexiónelose.*

O artigo 13 queda redactado como segue:

«Nas operacións de mantemento hixiénico-sanitario poderase utilizar calquera dos desinfectantes que para tal fin autorizase a Dirección Xeral de Saúde Pública e Sanidade Exterior. Os sistemas físicos e fisicoquímicos deben ser de probada eficacia fronte á lexiónela, non deberán supor riscos para a instalación nin para a saúde e seguridade dos operarios nin outras persoas que poidan estar expostas e deberase verificar o seu correcto funcionamento periodicamente. O seu uso axustarase, en todo momento, ás especificacións técnicas e réxime de dosificación establecidos polo fabricante.

Enténdese por sistema físico o procedemento de desinfección baseado na aplicación de equipamentos de filtración adecuados para a retención de bacterias, aplicación de radiación ultravioleta, aumento da temperatura ou calquera outro sistema utilizado co fin de reter ou destruír a carga bacteriolóxica da auga sen introducir produtos químicos nin aplicar procedementos electroquímicos.

Enténdese por sistema fisicoquímico o utilizado co fin de destruír a carga bacteriolóxica da auga mediante a aplicación de procedementos electroquímicos. Os sistemas fisicoquímicos deberanse rexistrar cando así se estableza na normativa reguladora de biocidas.

No caso de instalacións interiores de auga de consumo humano fría e auga quente sanitaria, os produtos químicos utilizados para o tratamento das instalacións deberán cumprir o disposto para tal fin no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

As empresas que realicen tratamentos a terceiros con produtos biocidas nas instalacións recollidas no artigo 2 deste real decreto, deberán estar inscritas no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas da comunidade autónoma respectiva, a teor do disposto no artigo 27 do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.

Todo o persoal que traballe en operacións de mantemento hixiénico-sanitario deberá cumprir as disposicións da lexislación vixente en materia de capacitación para realizar tratamentos con biocidas.

Os desinfectantes que se utilicen na desinfección dos equipamentos de terapia respiratoria reutilizables deben cumprir o disposto no Real decreto 1591/2009, do

16 de outubro, polo que se regulan os produtos sanitarios, e deben ser aplicados seguindo os procedementos que figuran nas súas instrucións de uso.

Os antiincrustantes, antioxidantes, dispersantes e calquera outro tipo de substancias e mesturas químicas utilizados nos procesos de limpeza e tratamento das instalacións cumprarán cos requisitos de clasificación, envasado e etiquetaxe e provisión de fichas de datos de seguridade a que os obriga o vixente marco lexislativo de substancias e mesturas perigosas, e o seu uso non deberá representar un risco inaceptable para a saúde dos profesionais que os aplican nin para a poboación en xeral.

Todo isto sen prexuízo do disposto no Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Orde SCO/3269/2006, do 13 de outubro, pola que se establecen as bases para a inscrición e o funcionamento do Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas.*

A Orde SCO/3269/2006, do 13 de outubro, modifícase da seguinte forma:

Un. O punto 3 do artigo 5 queda redactado como segue:

«3 Co obxecto de valorar o cumprimento dos requisitos sobre fabricación, almacenamento, comercialización e aplicación, establecidos no Real decreto 3349/1983, do 30 de novembro, xunto ao formulario presentárase, polo menos, a seguinte información:

a) Memoria técnica descritiva da actividade que se vaia realizar e, en caso de instalacións de fabricación, envasado, almacenamento e instalacións fixas para o tratamento de biocidas, planos.

b) Acreditación de que o persoal con actividades laborais relacionadas coa aplicación de biocidas posúe a capacitación necesaria de acordo coa normativa vixente ao respecto.

c) Datos do responsable técnico do servizo biocida. Con acreditación da capacitación necesaria de acordo coa normativa vixente ao respecto.

d) Solicitude de dilixencia de apertura do Libro oficial de movementos de biocidas, de ser o caso.»

Dous. O artigo 9 queda redactado como segue:

«1. A inscrición no rexistro terá unha validez indefinida, salvo que por motivos de saúde pública ou por solicitude do titular proceda a súa modificación ou cancelación.

2. O titular da inscrición será responsable do mantemento das condicións nas que se dite a resolución de inscrición. Calquera modificación ou cambio nesas condicións deberá ser comunicada á autoridade competente da correspondente comunidade autónoma.

3. En caso de cesación da actividade, o titular da inscrición deberao pór en coñecemento da autoridade competente, no prazo máximo dun mes, para efectos da cancelación da correspondente inscrición no rexistro.

Así mesmo, poderase proceder á cancelación da inscrición:

a) Cando así o solicite o seu titular.

b) Cando, en virtude de revisións de oficio ou por calquera outro medio, a autoridade competente comprobe que se produciu un incumprimento da normativa aplicable ou que a actividade cesou definitivamente, sen prexuízo da sanción que proceder segundo o previsto no artigo 30 do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro.»

Tres. O punto 1 do artigo 10 queda redactado como segue:

«1 A inscrición dunha entidade de servizos no rexistro dunha comunidade autónoma será válida para traballar en calquera outra. As distintas administracións habilitarán os mecanismos necesarios para facilitar a comunicación entre as distintas comunidades e permitir a prestación de servizos biocidas entre elas.»

Catro. Os artigos da Orde SCO/3269/2006, do 13 de outubro, pola que se establecen as bases para a inscrición e o funcionamento do Rexistro Oficial de Establecementos Biocidas, modificados nesta disposición derradeira, manterán o rango normativo de orde ministerial.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de xuño de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Política Social,  
TRINIDAD JIMÉNEZ GARCÍA-HERRERA

## ANEXO I

### Programa dos cursos para biocidas tipo 8

*(Protectores da madeira: produtos empregados para a protección da madeira ou derivados da madeira, desde a fase do serradoiro)*

a) Nivel de formación de aplicadores.

1. A madeira como materia prima renovable. Características identificadoras das principais especies de madeira empregadas en España.

2. Axentes deteriorantes da madeira de orixe biótica e abiótica. Diagnose de danos que producen.

3. Categorias de uso da madeira segundo a súa situación. Principais danos da madeira en razón do medio de localización. Normativa.

4. Sistemas de tratamento preventivo e curativo da madeira. Técnicas de aplicación. Cédulas de impregnación.

5. Fumigación da madeira. Tipos de fumigación, equipamentos e programas de tratamento.

6. Produtos químicos protectores da madeira. Normativa sobre produtos químicos e biocidas. Rexistro de biocidas. Clasificación, envasado e etiquetaxe.

7. Produtos comerciais. Formulacións básicas.

8. Toxicoloxía dos protectores da madeira e riscos para o home. Toxicidade, perigosidade e risco.

9. Riscos para a saúde pública. Medidas preventivas e xestión do risco.

10. Seguridade e prevención de riscos laborais no uso dos protectores da madeira. Normativa.

11. Prevención, diagnóstico e primeiros auxilios en caso de intoxicación. Equipamentos de protección individual.

12. Os protectores da madeira e o ambiente. Residuos. Eliminación de envases. Medidas de prevención da contaminación. Normativa.

13. Exercicios prácticos.

Mínimo de horas lectivas: 25.

b) Nivel de formación de responsables.

1. A madeira e os produtos da madeira: características, propiedades, defectos e anomalías. Regras de clasificación da madeira segundo a súa aplicación.

2. Ensaio de resistencia da madeira. Durabilidade natural e impregnabilidade da madeira.

3. Axentes deteriorantes de orixe biótica e abiótica. Diagnose de danos.

4. Clases de uso da madeira segundo a súa situación. Axentes degradadores. Tipos de protección. Produtos retardantes do lume. Normativa.

5. Impregnación protectora preventiva da madeira. Parámetros fisicoquímicos. Absorción, penetración e retencións. Cédulas de impregnación. Fixación dos produtos protectores. Equipamentos, descrición, funcionamento e mantemento.

6. Fumigación da madeira. Parámetros fisicoquímicos. Preparación dos produtos de fumigación. Eficacia e efectos que se deben considerar. Tempo de aplicación e medidas de seguridade. Equipamentos, descrición, funcionamento e mantemento.

7. Produtos químicos protectores da madeira. Tipos e materias activas. Clasificación, etiquetaxe e envasado. Mestura e dosificación. Normativa.

8. Variacións das propiedades da madeira como consecuencia dun tratamento químico protector. Inspección e verificación.

9. Tratamentos curativos da madeira: principais sistemas. Conservación das madeiras de interese artístico. Tratamentos da madeira estrutural e de carpintaría de edificios con estrutura de madeira. Inspección técnica de edificios. Normativa.

10. Toxicoloxía dos protectores da madeira e riscos para o home. Toxicidade, perigosidade e risco.

11. Riscos para a saúde pública. Medidas preventivas e xestión do risco.

12. Prevención de riscos laborais no uso de protectores da madeira. Prevención, diagnóstico e primeiros auxilios. Medidas de protección. Normativa.

13. Riscos ambientais dos protectores da madeira. Medidas de prevención da contaminación. Xestión de envases e de residuos. Minimización de residuos. Respostas ante continxencias. Normativa.

14. Aplicación do Código técnico de edificación. Selo de calidade.

15. Exercicios prácticos.

Mínimo de horas lectivas: 80.

## ANEXO II

### Programas dos cursos de niveis especiais

a) Nivel especial para tratamento con produtos moi tóxicos (T+) e carcinóxenos, mutáxenos e tóxicos para a reprodución (CMRs).

1. Ámbito profesional (medios urbanos, locais e instalacións ...).

2. Organismos nocivos susceptibles de seren tratados con produtos T+ e CMRs. Xustificación da elección destes produtos.

3. Biocidas. Clasificación en función das súas propiedades intrínsecas.

4. Equipamentos. Mantemento.

5. Métodos de aplicación de produtos T+ e CMRs.

6. Sinalización das mercadorías, recintos e zonas que se vaian tratar. Perímetro de seguridade.

7. Riscos derivados do uso de T+ e CMRs. Prevención de riscos laborais.

8. Riscos para a saúde pública. Medidas preventivas e xestión do risco.

9. Perigosidade de T+ e CMRs.

10. Intoxicacións. Primeiros auxilios.

11. Transporte e almacenamento de T+ e CMRs. Normativa legal.

12. Etiquetaxe e FDS de produtos T+ e CMRs.

13. Eliminación de envases e residuos. Sistemas de xestión de residuos.

Mínimo de horas lectivas: 40.

b) Nivel especial para tratamento con produtos que sexan ou xeren gases.

1. Ámbito profesional (medios urbanos, locais e instalacións...).

2. Organismos nocivos susceptibles de seren tratados con produtos que sexan ou xeren gases. Xustificación da elección.

3. Biocidas que son ou xeran gases. Propiedades, modos e espectros de acción.

4. Factores que se deben considerar na aplicación de fumigantes.

5. Equipamentos e técnicas de fumigación e outras aplicacións.

6. Mantemento, regulación, calibración e revisión de equipamentos.

7. Métodos de aplicación de produtos que sexan ou xeren gases.

8. Sinalización das mercadorías, recintos e zonas que se vaian tratar. Perímetro de seguridade.

9. Perigosidade e riscos derivados do uso de gases. Prevención de riscos laborais.

10. Riscos para a saúde pública. Medidas preventivas e xestión do risco.

11. Detectores de gases, máscaras, filtros e outros elementos de seguridade.

12. Mantemento dos elementos e equipamentos de seguridade.

13. Intoxicacións. Primeiros auxilios.

14. Transporte, almacenamento e manipulación de gases. Normativa legal.

15. Etiquetaxe e FDS de gases.

16. Eliminación de envases e residuos. Sistemas de xestión de residuos.

17. Lexislación específica.

18. Práctica.

Mínimo de horas lectivas: 40.